

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
36014763	EEl de Romariz	Soutomaior	2024/2025	Finalizado

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	30/07/25
Data aprobación consello	29/10/24
Data aprobación claustro	29/10/24

2. Introducción

Contexto socio-cultural:

O Plan Dixital que se desenvolve no presente documento, foi deseñado para ser aplicado na EEI de Romariz, situada no Concello de Soutomaior, na provincia de Pontevedra.

O concello ofrece áreas de lecer como praias, o río, o castelo, área recreativa a carón do mar con pistas para actividades deportivas, paseos, parque infantil, un porto deportivo...

O Plan Dixital é un documento que pretende favorecer e facilitar a interacción entre os diferentes plans e proxectos desenvolvidos na nosa escola.

A través do PD pretendemos mellorar o noso Proxecto Educativo tratando de poñer á súa disposición tódolos recursos educativos precisos para o desenvolvemento das competencias básicas e as capacidades propias desta etapa educativa. No deseño do Plan Dixital tratamos de facer consciente á comunidade educativa, da necesidade de coñecer e manexar ferramentas dixitais que faciliten a labor educativa, tanto en beneficio do profesorado como do propio alumnado.

A curta idade do noso alumnado non nos permite facelos usuarios autónomos e responsables no manexo das novas tecnoloxías, pero si que nos permite amosarlles outros xeitos de manexalas nos diferentes ámbitos educativos, creando actividades interactivas relacionadas cos obxectivos do noso Proxecto Educativo e que favorezan a retroalimentación das aprendizaxes.

O Plan Dixital vai ser unha ferramenta clave para tratar de mellorar aspectos organizativos no noso centro, e pretende redundar na mellora dos proxectos interdisciplinarios desenvolvidos.

O centro conta cun blogue de TIC onde compartimos recursos para que o alumnado poda seguir ampliando as súas aprendizaxes fora do horario lectivo.

Na actualidade participamos no Programa de Innovación Educativa relacionado coas novas tecnoloxías. Dentro da PXA do curso 24/25 incluiremos os obxectivos recollidos neste PD

- mellora da práctica docente

- actualización e renovación de medios dixitais educativos

- incluir no proceso de ensino aprendizaxe novas tecnoloxías que faciliten a aprendizaxe e autonomía do noso alumnado no ámbito educativo

- fomentar novas canles de comunicación coas familias.

Este Plan de Dixital, está enmarcado en base ao lexislado no artigo 111 bis, así como o 121 e 132 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación, onde se fai especial fincapé á necesidade de que a Administración pública vele polo acceso ás TIC de todo o alumnado, así como de dispor das tecnoloxías precisas para acadalo, entre outras cuestións. Asemade fai referencia á incorporación deste plan ao PE e á competencia do equipo directivo para a súa aprobación.

Por outra banda, na Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022, recóllese na Disposición adicional quinta que "os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de

acordo coas instrucións que se diten.”

Para rematar, na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, recóllense tódolos aspectos necesarios para a elaboración deste plan.

Artigo 30.1 do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

• Artigo 15 da ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

A elaboración do Plan Dixital foi realizado pola mestra responsable e titora do grupo. Neste proceso non participaron outros mestres, xa que soamente existe unha mestra titular e tampouco contamos coa participación do alumnado, xa que son menores de 6 anos. Os resultados do mesmo, serán a recopilación dos datos recollidos e proporcionados pola única mestra da escola o que supón un problema á hora de avaliar e ser obxectivo.

Nun primeiro momento, partiuse da realización do TEST Selfie e máis tarde, do TEST CDD. Unha vez se fixeron ámbolos dous test, o puidose comezar a analizar os resultados, sintetizándoos e recolléndoo nunha táboa, dando así lugar a unha análise DAFO. Desta análise, partiuse para a elaboración do Plan de Acción, que dá lugar ao desenvolvemento deste Plan Dixital.

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	C8 Dispositivos dixitais para o aprendizaxe	Alumnado	Non
Debilidade	C5 Non se dispón dunha boa asistencia técnica	Infraestruturas	Non
Debilidade	C7 Non existen infraestruturas de protección de datos	Infraestruturas	Non
Debilidade	C5 Escasa ou nula asistencia técnica	Oferta	Non
Debilidade	A1. O noso centro non conta cunha estratexia dixital	Organización de centro	Si
Debilidade	A4. Tempo para explorar o ensino dixital	Organización de centro	Si
Debilidade	E4 Comunicación coa comunidade educativa empregando ferramentas corporativas	Persoal docente	Si
Debilidade	D3 Intercambio de experiencias	Persoal docente	Si
Fortaleza	Boa comunicación e implicación dos pais e nais	Familias	Si
Fortaleza	C3 Contamos con boa conexión a internet	Infraestruturas	Non
Fortaleza	E4 Boa comunicación coas familias	Persoal docente	Si
Fortaleza	E1 Recursos educativos en liña	Persoal docente	Si

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	Exceso de burocracia	Administración educativa	Non
Ameaza	Pouca atención ás carencias das escolas unitarias.	Administración educativa	Si
Ameaza	Falta de recursos materiais	Administración educativa	Non
Ameaza	Falta de tempo para desenvolver proxectos e recursos	Administración educativa	Non
Ameaza	Excesiva lexislación educativa e cambios continuos	Lexislación	Non
Oportunidade	As ferramentas corporativas e o software libre.	Administración educativa	Si
Oportunidade	Apoio e participación das familias ANPA	Contorna	Si
Oportunidade	Acceso á tecnoloxía cada vez máis simple e popularizado	Outras	Non

3.4. Análise

Dos resultados do DAFO e o test CDD dedúcense as seguintes prioridades:

Favorecer o intercambio de experiencias con outros centros de similares características.

Traballar na creación de recursos dixitais propios.

Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado.

Mellorar a comunicación do centro coas ferramentas dixitais.

Unha vez analizado o plan dixital 22/23 e analizados os obxectivos acadados, procédese a elaborar o novo plan 23/24.

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Planificar as programacións de Educación infantil a través das novas tecnoloxías por medio do programa PROENS no curso 24/25.
O02PD	Continuar co uso das ferramentas dixitais para mellorar a eficacia e a eficiencia dos procedementos relacionados coa comunicación durante o curso 2024/2025.
O03PD	Solicitar formación sobre a confección e modificación da páxina web do centro, xunto con formación para a utilización das pantallas dixitais e os recursos educativos que teñen, a realizar no curso 24/25,
O04PD	Solicitar formación sobre o uso do diferente material enviado por Polos creativos para o curso 2024/2025

4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Acadado

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Fortaleza - Persoal docente - E1 Recursos educativos en liña

Oportunidade - Administración educativa - As ferramentas corporativas e o software libre.

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de programacións subidas a PROENS.	0	1				

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.1.Deseñar a programación de Educación infantil do curso 24/25 no programa PROENS	12/11/2024	outubro, novembro
Responsables	Dirección do centro	
Destinatario	A o profesorado.	

Revisión	Data	Arquivo
Acción realizada a tempo	05/11/2024	

4.3. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Pendente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - E4 Comunicación coa comunidade educativa empregando ferramentas corporativas

Fortaleza - Persoal docente - E4 Boa comunicación coas familias

Fortaleza - Familias - Boa comunicación e implicación dos pais e nais

Oportunidade - Contorna - Apoio e participación das familias

ANPA

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de ferramentas empregadas para comunicarse coas familias.	0	1				

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO04.3 Formar e informar as novas familias incorporadas ao centro, sobre o uso da ferramenta Abalar, para realizar as comunicacións entre a familia e a escola durante o curso 2024/2025.	19/12/2024	xaneiro
Responsables	Dirección do centro	
Destinatario	Familias	

Revisión	Data	Arquivo
Acción realizada satisfactoriamente na data de outubro 2024.	01/10/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
A04.2PD: Utilizar a app AbalarPro como medio de comunicación básico entre a escola e a familia.	20/06/2025	
Responsables	Dirección	
Destinatario	Profesorado e familias do centro	

Revisión	Data	Arquivo
Realizado	16/11/2023	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.1PD: Realizar a comunicacións de todas as actividades, saídas e reunións entre a escola e a familia por medio do Abalar. Alomenos dúas comunicacións ao trimestre.	20/06/2025	
Responsables	Dirección	
Destinatario	Profesorado e familias	

Revisión	Data	Arquivo
Realizado	16/11/2023	

4.4. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - D3 Intercambio de experiencias

Fortaleza - Persoal docente - E4 Boa comunicación coas familias

Fortaleza - Familias - Boa comunicación e implicación dos pais e nais

Debilidade - Organización de centro - A1. O noso centro non conta cunha estratexia dixital

Debilidade - Organización de centro - A4. Tempo para explorar o ensino dixital

Oportunidade - Administración educativa - As ferramentas corporativas e o software libre.

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Cursos recibidos sobre a formación da páxina web	0 cursoa	1 curso				

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.1.Consultar co CFR a posibilidade de participar en cursos de formación o PFPP de outros centros durante o curso 23/24.	21/06/2024	xuño
Responsables	Dirección	
Destinatario	Titora	

Revisión	Data	Arquivo
Feita consulta CFR.		

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.2. Actualizar a páxina web do centro durante o curso 23/24	21/06/2024	xuño
Responsables	Dirección do centro	
Destinatario	Comunidade educativa	

4.5. Datos do obxectivo O04PD

Código	Estado
O04PD	Pendente

4.5.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Organización de centro - A4. Tempo para explorar o ensino dixital

Ameaza - Administración educativa - Pouca atención ás carencias das escolas unitarias.

Oportunidade - Administración educativa - As ferramentas corporativas e o software libre.

4.5.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de cursos de formación solicitados	0	2				

4.5.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO01. Solicitar ao asesor Abalar, formación sobre o uso das pantallas dixitais.	10/01/2025	
Responsables	Dirección do centro	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO01.2 Implementar os coñecementos aprendidos na formación de pantallas dixitais na aula durante o curso 2024/2025.	26/06/2025	
Responsables	Profesorado	
Destinatario	Alumnado	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

Posta en común mensual cos especialistas que asisten ó centro.
Xuntanzas co asesor dixital do centro e cumprimentar á aplicación de Educalidade.
De xeito mensual revisar o proceso de consecución dos obxectivos marcados.

5.2. Primeiro trimestre

Os obxectivos para o primeiro trimestre cumpridos.

5.3. Segundo trimestre

Os obxectivos para o segundo trimestre cumpridos.

5.4. Terceiro trimestre

Os obxectivos para o terceiro trimestre cumpridos.

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

Como todo plan, este requirirá dunha avaliación, tanto procesual como final. Así, ao longo do curso avaliarase a consecución dos obxectivos unha vez ao trimestre: analizaranse os indicadores dos distintos obxectivos e valorarase a necesidade ou non dalguna modificación. Asemade, tamén se fará unha avaliación final, que será a partir de xuño de 2025, data na que se dá por finalizada a consecución dos distintos obxectivos. Nesta avaliación farase un análise do grao de cumprimentación dos obxectivos, realizando e ademais unha actualización do plan dixital para o seguinte curso escolar coas distintas propostas de mellor.

6.2. Valoración xeral

Foi todo ben a excepción da formación de páxinas web, espero que antes de acabar o ano consiga éste obxectivo.

Os obxectivos dos tres trimestres cumpríronse con éxito, polo tanto a avaliación é positiva.

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

O Plan Dixital da EEl de Romariz será difundido trala súa aprobación a través de varias canles: •A través do correo electrónico .

Este plan será visible mediante o acceso a seguinte dirección web:

<https://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=133&codCentro=36014763>

8. Outros datos

9. Anexos